“CASTELAO EN ATEGAL

ARTES E LETRAS VIVAS”

ATEGAL
Asociación Cultural Galega
de Formación Permanente de Adultos
Aulas 3ª idade de Galicia
Entidade colaboradora da Xunta de Galicia

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

ATEGAL VIGO

TRAVESÍA DO PINO 1, 1

36205 VIGO

vigo@ategal.com

O Ano Castelao 2016 conmemora tres efemérides relacionadas co polifacético autor, artista e intelectual **Alfonso Daniel Rodríguez Castelao**: o centenario da súa chegada á cidade de Pontevedra, o 75 aniversario da estrea de *Os vellos non deben de namorarse*, e o Día das Artes Galegas, que este ano 2016 se dedica a este autor.

Ategal en colaboración coa **Deputación de Pontevedra** propón para o mes de novembro a seguinte programación:

Martes 8 novembro 18:00 a 19:30h

"O tempo de Castelao: introdución e contextualización histórica"

por Dona Aranzazu Herrero.

Martes 15 novembro 18:00 a 19:30h

"Literatura galega:Castelao e amigos I"

por Don Francisco Fernández Ferreiro.

Martes 22 novembro 18:00 a 19:30h

"Arte galega: O tempo de Castelao, arte de aquí e de acola"

por Dona Aranzazu Herrero.

Martes 29 novembro 18:00 a 19:30h

"Literatura galega: Castelao e amigos II" por

Don Francisco Fernández Ferreiro.

Mércores 30 novembro as 18:00h

Adaptación e dramatización de escolma de textos de Castelao por Dona Gloria Rico, xunto coa colaboración de alumnos de Ategal Vigo.

Breve Biografía de Castelao

Alfonso Daniel Rodriguez Castelao nace o 30 de xaneiro de 1886 en Rianxo e morre o 7 de xaneiro de 1950 en Buenos Aires.

Político, escritor e pintor galego, está considerado como o máximo representante do nacionalismo galego de signo progresista. Estudou e licenciouse en Medicina en Santiago de Compostela. Desde os primeiros anos do século XX involucrouse activamente coas correntes políticas rexionalistas e nacionalistas, de xeito que outorgou un importante pulo ó desenrolo do pensamento político esencialmente galego así como á creación dun círculo de intelectuais preocupados pola arte, a literatura e a modernidade.

En 1916 obtén a praza de profesor titular de debuxo na Delegación de Pontevedra.

En 1926 foi nomeado membro da Real Academia Gallega.

En 1936 entrega o Estatuto de Autonomía ao Presidente das Cortes.

Tras o golpe de estado de 1936 exiliouse a Nova York e posteriormente a Bos Aires, onde proseguiu a súa actividade política. Morre na Arxentina no ano 1950 e os seus restos non foron trasladados a Galicia ata 1984.

No ano 1964 dedicóuselle o Día das Letras Galegas.

Breve Contexto Histórico: "O Tempo de Castelao"

O contexto socio-político contrasta coa prolífica actividade cultural. A sociedade galega de inicios do século XX seguía caracterizándose pola concentración do poder económico en sectores minoritarios, por un sistema agrícola aínda feudal e por unha crecente emigración que ía baleirando o país.

Nacen asociacións agrarias que canalizan as protestas sociais e alcanzan gran resonancia no campo, como foi o caso da Liga Agraria de Acción Galega.

A toma de conciencia dos campesiños, fomentada polo seu acceso á propiedade da terra, unida á evolución do galeguismo cara o nacionalismo, provoca un salto cualitativo na utilización da lingua galega. O nacionalismo está tan unido ao idioma como a esencia da identidade colectiva, que as súas primeiras manifestacións as constitúen as **Irmandades da Fala**.

Creadas para a defensa, dignificación e cultivo do idioma, a primeira Irmandade da Fala se funda en A Coruña en 1916. A seguen outras repartidas polas principais cidades e pobos de Galicia (Ferrol, Ourense, Betanzos, Santiago,...)

Para a divulgación do seu ideario crearon un periódico de expresión totalmente en galego: **A Nosa Terra**. Os seus membros máis destacados foron os irmáns Vilar Ponte, Losada Diéguez, Vicente Risco, Ramón

Cabanillas, etc. Así en 1925 funda xunto con Losada Diéguez a Coral Polifónica de Pontevedra.

Breve Contexto Literario "Os Amigos de Castelao"

Ao final do século XIX se constata unha recuperación do galego como idioma literario, cultural e histórico; simultaneamente se patentiza un descenso no nivel do uso oral. A lingua galega non vive aínda unha situación normalizada e iso provoca un retroceso en medios sociais, clases altas e medias, e en ámbitos xeográficos urbanos concretos.

As Irmandades promoveron a elaboración de dicionarios e gramáticas, estudos lingüísticos e reivindicaron a presenza do galego na Administración e na ensinanza. Impulsan a actividade editorial nas principais cidades galegas:

Céltiga en Ferrol, **Lar** en A Coruña,**Alborada** en Pontevedra, e moitas outras, ademais de frecuentes seccións en galego na prensa en castelán. Neste contexto aparece a revista **Nós**, da man de Vicente Risco, Otero Pedrayo e Florentino Cuevillas, que conforman o coñecido Grupo Nós.

A eles únese a figura de **Alfonso Daniel Rodríguez Castelao**.

A obra literaria de Castelao, está escrita case íntegra en lingua galega (excepto discursos e artigos, como a colaboración en *El liberal* de Madrid), está en función da realidade sociocultural galega e dunha función pedagóxica de denuncia, polo que utiliza o humorismo sarcástico ou esperpéntico. Expresou fielmente a súa vontade de

denuncia das inxustizas. Como dramaturgo merece a pena citar a obra *Os vellos no deben namorarse* (1941).

Breve Contexto Artístico "O Tempo de Castelao: arte de aquí e de acolá"

Os seus debuxos e pinturas testemuñan a mesma posición de realismo crítico que encontramos nos seus escritos, marcados como están uns e outros polo humor e a ironía, ao tempo que pola tristeza e a *morriña*.

En 1907 publica a primeira corda de Caricato e debuxante da Tuna en Compostela. En 1917 abandonou definitivamente a pintura de gran formato con *A tentación de Colombina* para entregarse ao debuxo e a obra gráfica. Os seus debuxos entroncan a miúdo coa tradición do gravado popular e se caracterizan por unha acentuada estilización en branco e negro; de feito, gran parte da súa labor de debuxante está esparexida en distintas publicacións periódicas nas que colaborou.

Na súa obra influíron a fotografía, os debuxos satíricos da prensa europea e, en opinión dos críticos máis familiarizados coa súa técnica, a estampa xaponesa. Terá na prensa o seu medio natural para a súa obra gráfica, onde dende 1922 traballou en o *Diario de Galicia*. Nos seus debuxos aparecen con frecuencia os principais representantes da paisaxe de Galicia, como o hórreo que máis tarde sería aceptado como anagrama pola editorial Nós.

Obra literaria

Ensaio

- *As cruces de pedra na Bretaña*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos, 1930.
- *Sempre en Galiza*. Buenos Aires: As Burgas, 1944.
- *As cruces de pedra na Galiza*. Buenos Aires: Nós, 1949.
- *Alba de groria*. Buenos Aires: Galicia, 1951.
- *Humorismo, dibuxo humorístico, caricatura: conferencia*. A Coruña: Real Academia Galega, 1961.
- *As cruces de pedra na Galiza*. Discurso lido o día 25 de xullo de 1934 no acto da súa recepción pública polo señor Alfonso R. Castelao e resposta de Antonio Villar Ponte. A Coruña: Real Academia Galega, 1964.

Literatura

Debuxos

- *Cincoenta homes por dez reás*. A Coruña: Nós, 1930.
- *Álbum Nós*. Madrid: Hauset y Menet, 1931.
- *Atila en Galicia: Estampas*. Valencia: Comité Nacional de la C.N.T, 1937.
- *Galicia mártir*. Valencia: Ediciones Españolas, 1937.
- *Cousas da vida*. Vigo: Galaxia, 1961.

- *Milicianos*. Madrid: Akal, 1976.
- *Debuxos de negros*. Conservado no Museo de Pontevedra.
- *Cegos: os meus compañeiros*. Conservado no Museo de Pontevedra.

Narrativa

- *Cousas*. A Coruña: Lar, 1926.
- *Cousas*. *Segundo libro*. A Coruña: Nós, 1929.
- *Os dous de sempre*. Santiago de Compostela: Nós, 1934.
- *Retrincos*. Santiago de Compostela: Nós, 1934.

Teatro

- *Un ollo de vidro: memorias d'un esquelete*. Ferrol: Céltiga, 1922.

Escultura de Castelao en Pontevedra